CONCELLO DE SANTA COMBA
Terra de Xallas
Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

BASES XX CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2026

O Concello de Santa Comba, coa colaboración da Asociación de Empresarios de Santa Comba, convoca o XX Concurso de Decoración de Nadal, co obxectivo de fomentar o embelecemento e a ambientación festiva do municipio durante o Nadal 2026-2027, facendo partícipe á cidadanía e ao tecido empresarial na creación dunha imaxe atractiva e acolledora da vila nestas datas.

1. Participantes

Poderán participar todas as persoas residentes no Concello de Santa Comba, así como os establecementos comerciais e empresariais situados no municipio.

2. Inscrición

A participación no concurso é totalmente gratuíta. As persoas interesadas deberán recoller o formulario de inscrición na **sede da Asociación de Empresarios** ou no **Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba.**

3. Prazo de inscrición

O prazo de inscrición permanecerá aberto **desde as 10:00 horas do día seguinte á publicación destas bases ata as 13:00 horas do 12 de decembro de 2026.**

As persoas particulares, además de cubrir a folla de inscrición, deberán enviar **dúas fotografías da súa decoración** de Nadal vía WhatsApp ao número **633 181 817**.

4. Xurado

O xurado estará composto por **tres profesionais do sector da decoración** designados pola organización. A súa valoración realizarase con obxectividade e seguindo os criterios establecidos nestas bases.

5. Categorías

Establécense dúas categorías de participación.

* **Particulares:** poderán participar vivendas unifamiliares, pisos ou casas. Valorarase únicamente a decoración visible desde a vía pública (entradas, fiestras, balcóns, xardíns, árbores de Nadal, etc.)

* **Establecementos:** poderán participar todos os negocios e comercios do municipio. Valorarase a decoración visible para o público xeral, especialmente os escaparates e zonas de atención ao cliente.

6. Valoración

As decoracións serán avaliadas polo xurado na **segunda quincena de decembro de 2026**, debendo permanecer expostas **desde o 12 de decembro de 2026 ata o 7 de xaneiro de 2027.**

Criterios de valoración:

A: Adecuación á temática de Nadal.

B. Relación da decoración co producto ou servizo no caso dos establecementos.

C. Valoración positiva dos elementos elaborados de forma artesanal.

D. Orixinalidade, iluminación, innovación e integración do espazo.

E. Non repetición de elementos decorativos empregados en edicións anteriores.

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

7. Premios

* **Categoría Establecementos:**

Un total de **800€** en vales de compra para consumir en establecementos comerciais de Santa Comba, distribuídos do seguinte xeito:

1º Premio: 300€

2º Premio: 250€

3º Premio: 150€

4º Premio: 100€

* **Categoría Particulares:**

Un total de **400€** en vales de compra, distribuídos so seguinte xeito:

1º Premio: 200€

1º Premio: 125€

1º Premio: 75€

Os restantes participantes recibirán un agasallo conmemorativo por parte da Asociación de Empresarios de Santa Comba.

8. Entrega de premios

A entrega de premios realizarase nun acto público organizado conxuntamente polo Concello e a Asociación de Empresarios, en data e lugar que se anunciarán oportunamente (preferentemente na Casa do Pozo ou no Edificio Multiusos)

9. Canxe dos vales

Os vales de compra deberán empregarse en establecementos locais no prazo máximo de 30 días a partir da data da acta de entrega de premios. Os comercios deberán presentar a correpondente factura de canxe tamén no prazo de 30 días desde a realización do mesmo.

10. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación das presentes bases.